




MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN VIRTUAL

TORRE DE LA PARADA

UN ESPAZO PICTÓRICO PARA RUBENS

ORGANIZA: Museo de Belas Artes da Coruña, en colaboración con VidealAB (Laboratorio de Visualización Avanzada en Enxeñería, Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña)

PATROCINA: Dirección Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

LUGAR: Sala 2

DATA: Xoves, 1 de febreiro de 2024

HORA: 12:00 horas

DESENVOLVEMENTO DO ACTO:

- PRESENTACIÓN: Ángeles Penas Truque (directora do Museo)
- CONTEXTO HISTÓRICO E CONTIDO EXPOSITIVO: Ana Vasco del Castillo (Técnico do Museo. Dpto. de Difusión)
- HIPÓTESE ARQUEOLÓXICA E DESENVOLVEMENTO TÉCNICO: Luis Hernández Ibáñez (profesor do Departamento de Enxeñería Civil na Facultade de Ciencias da Comunicación, e na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, da UDC)

PECHE DO ACTO:

- Anxo M. Lorenzo Suárez (Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

TORRE DE LA PARADA

UN ESPAZO PICTÓRICO PARA RUBENS

A EXPOSICIÓN VIRTUAL

Desde o 1 de febrero de 2024

O Museo de Belas Artes da Coruña, en colaboración con VidealAB (Laboratorio de Visualización Avanzada en Enxeñería, Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña), presenta un innovador e inspirador proxecto expositivo no que o uso da tecnoloxía dixital transfórmase nun instrumento efectivo para alcanzar públicos máis amplos, creando novas vías para o seu acceso, coñecemento e deleite a través dos contidos.

Contido expositivo

Esta exposición de carácter virtual e inmersiva xorde a partir dos dous excepcionais bosquexos realizados por Peter Paul Rubens, *Dédalo e o Minotauro* e *Psique*, que forman parte da nosa colección permanente grazas a unha doazón testamentaria realizada en 1893 "para o futuro Museo da cidade" e que supoñerían o xerme da súa fundación (por Real Orde de 1922).



O punto de partida foron estas dúas táboas preparatorias que Rubens pintou como parte do proxecto decorativo da *Torre de la Parada*, o pavillón de caza do rei Filipe IV, situado preto de Madrid e que albergaba unha das mellores coleccións de pintura do século XVII.

O Museo de Belas Artes da Coruña, en colaboración con VidealAB, inicia unha exhaustiva investigación para lograr a reconstrución arquitectónica e musealización do mencionado edificio.




**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

A *Torre de la Parada* era unha sinxela construción de época medieval que, por desexo do rei Filipe IV (1605-1665), é ampliada, remodelada e decorada para ser usada como pavillón de caza, unha das grandes afeccións do monarca. Juan Gómez de Mora, arquitecto maior do rei, será o encargado da súa transformación, deseñando para iso un singular edificio, a modo de pavillón real, equipado para cubrir as necesidades do monarca e do seu séquito. A obra finaliza en 1637.



Filipe IV, o monarca que amaba as artes, embelecerá este novo recinto, dotándoo dunha das coleccións pictóricas máis brillantes do século XVII, encabezada por un dos ciclos mitolóxicos de maior esplendor de Rubens. Xunto a iso, encargáronse diversas escenas de cacería e paisaxes realizadas por pintores do seu taller e outros artistas do círculo de Anveres, así como unha serie de obras de Velázquez, pintor do rei, cuxo papel tamén foi decisivo no proxecto.

O proceso de investigación

A exposición é o resultado dun exhaustivo traballo de investigación, recreación arqueolóxica e musealización virtual da *Torre de la Parada* e a súa colección pictórica, destacando como a primeira reconstrución visual deste interesante edificio e do importante contido artístico, definido e creado por Peter Paul Rubens e outros pintores flamencos e coa participación de Diego Velázquez.

Hoxe en día, as obras que formaban parte deste conxunto artístico están dispersas por toda Europa: consérvanse no Museo del Prado e diferentes dependencias de Patrimonio Nacional, así como noutros Museos e Institucións europeas como Musées Royaux des Beaux-Arts de Belgique, The Art Institute of Chicago ou a National Gallery e tamén neste Museo de Belas Artes da Coruña, outorgándolle ao Museo unha dimensión internacional e a Galicia unha proxección europea.

A partir dun lenzo realizado cara a 1637 por Juan de la Corte, xunto co manexo doutras fontes documentais, como os testamentos do patrimonio real dos Austrias, onde se describen as obras aloxadas en cada sala, as súas dimensións e outros datos relevantes como o número de portas e xanelas de cada estancia, o Museo de Belas Artes da Coruña e VidealAB, emprenderon un traballo de documentación, análise e interpretación, para lograr a reconstrución arquitectónica exterior e interior do edificio e a musealización virtual da súa colección pictórica.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Interese expositivo

Este innovador proxecto expositivo permitiu unha hipotética reconstrución arqueolóxica da arquitectura e as diferentes estancias do Real Sitio, así como a realización dunha proposta de distribución das obras pictóricas e bosqueños que hoxe coñecemos, tal e como se verían colocados na súa época.

Novidade

Grazas ao uso de técnicas de reposición fotogramétrica, modelado CAD 3D e programación dun motor de videoxogos, o visitante poderá realizar un percorrido inmersivo polos seus espazos, e interaccionar cos lenzos de forma natural, sen máis dispositivos que o seu propio corpo, cuxos movementos son monitorizados por unha cámara de profundidade, o que lle permitirá gozar dunha experiencia o máis parecida á vivida polo propio Filipe IV mentres habitaba o seu singular pavillón e contemplaba a impresionante colección de arte que o decoraba.

Destacar

O Museo de Belas Artes presenta unha ferramenta esencial de promoción e difusión do Patrimonio Cultural e Artístico tras un proceso de investigación e documentación.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade aposta pola innovación na xestión do Patrimonio Cultural e artístico, xa que as novas tecnoloxías son un recurso cada vez máis habitual para promover novas experiencias e emocións, ao permitir ao visitante interactuar libremente e acceder ao coñecemento e ao descubrimento en escenarios atractivos sen límite de horarios.

+ INFORMACIÓN:

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/exposicions/torre-de-la-parada-un-espazo-pictorico-para-rubens-exposicion-virtual>






XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA





MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES